



SIMPOSIO ILG 2019

LINGUA, PATRIMONIO E COÑECEMENTO TRADICIONAL



5, 6 e 7 de novembro de 2019

Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Co

<http://ilg.usc.gal/gl/actividades/simposio-ilg-2019>

Organiza



Colabora



Patrimonio Léxico da Gallaecia

Xeolingüística, diacronía e estandarización

Rosario Álvarez

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de
Compostela



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.gal/>

Propósito

- O *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*
 - ✓ Variantes gráficas, fonéticas, morfolóxicas e léxicas.
 - ✓ Moitas non pasaron aos dicionarios e/ou á lingua escrita.
 - ✓ Quedaron afastadas dos datos lingüísticos considerados na análise e da norma social.
- O *TLPGP* móstraas sobre o territorio: localización e difusión; procesos de substitución.
- O *TLPGP* non oculta as *variantes*. Agrúpaas baixo formas léxicas sinónimas (*lemas*).
- Son datos valiosos para o coñecemento da historia da lingua e da súa realidade actual.
- Queremos mostrar ese valor e o traballo dos lingüistas tomando como base os datos achegados para gal. *escáncer* / port. *licranço* e organizando a multitude de variantes denominativas.
- Centrarémonos no territorio galegófono e no N de Portugal (*Patrimonio Léxico da Gallaecia*).

Primeira dificuldade nas fontes: que animal?

Anguis fragilis 'escâncer común'



Chalcides striatus
'escâncer de patas'

© Antonio Padua
<https://www.biodid.org/da/curriculum>

Blanus cinereus
'escâncer cego'



...e non só nas fontes dialectais

DRAG

sv **escáncer**

Réptil da familia dos ánguidos, do que existen diversas especies, pequeno e de corpo moi fino, de cor gris prateada ou castaña, con patas moi reducidas ou sen elas.

HOUAISS

sv **licranço**

Design. comum a diversos lagartos serpentiformes, com membros reducidos ou ausentes.

INFOPÉDIA

sv **licranço, licanço...**

1. ZOOLOGIA designação comum a diferentes espécies de répteis sáurios de corpo alongado e membros reducidos ou ausentes, também conhecidos por *cobra-de-vidro*, *fura-mato*, etc.
2. ZOOLOGIA (*Anguis fragilis*) réptil sáurio, ápode e anguiforme, presente em Portugal, pode atingir cerca de meio metro e alimenta-se de vermes, lagartas, etc.

VERÍN NATURAL

<http://verin-natural.blogspot.com/>

- **Escouparón**, *Blanus cinereus*. É a primeira vez que se recolle un nome venáculo para designar propiamente a esta especie en Galicia, describíndose con rigor e diferenciado claramente o outro vernáculo de **escóupolo** para designar a *Chalcides striatus*, *C. bedriagai* e *Anguis fragilis*. Recollido en Castrelo de Abaixo (O Riós) (Reigada 2008).
- **Escouparón**, *Anguis fragilis*, poida que tamén *Chalcides bedriagai*, *C. striatus* e incluso *Blanus cinereus*, ao seren especies presentes na zona (Reigada 2014).

Distribución non sempre complementaria

Mapas da wikipedia

Anguis fragilis 'escáncer común'



Chalcides striatus 'escáncer de patas'



Blanus cinereus 'escáncer cego'



Unha maraña formal

Tesouro + ALGa + DdD + Prib.

- | | | | | |
|---------------------|--------------------|------------------|----------------------|-------------------|
| 1. alacrá | 22. boeiro | 43. escolante | 64. ilescranço | 85. liscánzaro |
| 2. alacrán | 23. cáncer | 44. escolanzo | 65. iscanzo | 86. liscanzo |
| 3. alcáncer | 24. cego | 45. escónzaro | 66. <u>leicranço</u> | 87. liscanzre |
| 4. alcánger | 25. cobra cega | 46. esconzo | 67. licanço | 88. liscrán |
| 5. alcánguer | 26. cobra da herba | 47. esconzro | 68. licante | 89. liscranço |
| 6. alguízaro | 27. cobra-de-vidro | 48. escorpillón | 69. licaranzo | 90. liscranzo |
| 7. <u>alicanço</u> | 28. cuadros | 49. escoupariño | 70. licranço | 91. liso |
| 8. alicante | 29. descánzaro | 50. escouparón | 71. liscace | 92. lizcáncer |
| 9. alicrán | 30. escance | 51. escouplo | 72. liscácer | 93. lizcante |
| 10. alicrança | 31. escáncel | 52. escouplón | 73. liscán | 94. oruga |
| 11. alicranço | 32. escáncel | 53. escóupolo | 74. liscance | 95. <u>orveto</u> |
| 12. aliscán | 33. escáncer | 54. escouprillón | 75. liscáncer | 96. parmado |
| 13. aliscrán | 34. escáncer cego | 55. escouprión | 76. liscáncere | 97. picaviernes |
| 14. anecrenço | 35. escáncere | 56. escoupro | 77. liscáncero | 98. pita cega |
| 15. <u>anguinha</u> | 36. escáncel | 57. escronce | 78. liscancio | 99. riscáncer |
| 16. <u>anguis</u> | 37. escánquel(e) | 58. escronzo | 79. liscánciro | 100. verme |
| 17. arcáncel | 38. escánzaro | 59. esgónzaro | 80. liscanço | 101. viberón |
| 18. bicha cega | 39. escánzaro | 60. esgonzo | 81. liscancre | 102. vibirón |
| 19. biscáncel | 40. escanzarón | 61. esguízaro | 82. liscandre | 103. zánzer |
| 20. biscáncer | 41. escanzre | 62. fura-mato | 83. liscanso | |
| 21. biscanzre | 42. escauparón | 63. fura-panasco | 84. liscante | |

Formas recollidas no Tesouro

base	LEMA	VARIANTES
-scánc-	ESCÁNCER	alcánger, arcánger, biscáncel, cáncer, escáncel, escáncer, escánger, escánzaro
-sconz-	ESCONZO	esconzo, esgonzo, escónzaro, esgónzaro
-li(s)c-	LISCANZO, LICRANÇO	liscancio, liscanso, liscanzo, liscance, lizcante, liscánzaro, liscrán riscáncer? alicança, alicranço, anecrenço, ilescranço, licranço, liscanço, liscranço
	ALICANTE	lizcante alicante, licante
escoup-	ESCOUPRO	escouparón, escóuparo, escóupolo, escouplón, escoupariño, escauparón escorpillón? escóuparo
outros	VIBERÓN	biberón, vibirón
	Subst. + CEGO, -A	pita cega, cobra cega, escáncer cego
	LISO	liso
	CUADROS	
	FURA- + Subst.	fura-panasco

Grupo escoup- {ou, au, o}

escóuparo, escouparón, escóupolo, escouplón, escoupariño, escauparón, escorpillón

• Hipóteses


- Suxire vínculos con *escorpión* ‘alacrán’ < lat. *scorpionem*, gr. *σκορπιος* (poucos descendentes populares na P.I.)
- No imaxinario popular confúndense os efectos. Tamén temos *escouparão* ‘escorpión’.

• Obxeccións

- presenza case constante do ditongo {ou, au}
- evidencia: *escorpillón* (Tes.) concorre con *escouprión* e *escouprillón* (ALGa) na mesma área
- constancia dunha líquida {r, l} despois da oclusiva: excesiva metátese!

• Hipóteses



- *Escoupro* < lat. *SCALPRUM* ‘instrumento cortante’ (port. *escopro* /'o/; tm. *escôparo*, co mesmo significado, rexional (Beira, Trás-os-Montes). Feijoo (1688-1741) “*Escopro, e naõ Escoparo*”. Houaiss: f.hist. s.XIV *scouparo*, s.XV *escoupre*, 1817-1819 *scopro*.
- Variación fonética
 - líquidas (-*pro*, -*plo*), Anaptixe (-*polo*).
 - Tm. en -*paro*? Anaxoxía ou suf. -*aro* (*escánzaro, esgónzaro, esguízaro, liscánzaro...*)? O suf. átono -*aro* parece indicar orixe prerromana (quizás céltica) (Cor.)
 - variación nuclear no ditongo {ou, au}
 - redución do ditongo?, nova coda consonántica ou metátese? {-*coup*-, -*corp*-}, outra orixe?
- Morfemas avaliativos, lexicalización?: *escoupriño* ESCÓUPARO < ESCOUPRO ?
 - ESCOUPRO {escóupolo}
 - ESCOUPRÓN {escouplón, escouprión}, ESCOUPRILLÓN {escorpillón}
 - ESCÓUPARO {escóuparo, escoupariño}
 - gal. ESCOUPARÓN {escouparón, escauparón} = port. ESCOUPARÃO



Grupo -li(s)c-

liscance, liscancio, liscánz(ar)o, (a)li(s)c(r)anço, ilescranço, alicrança, anecrenço, riscáncer, biscáncer, (a)licante, lizcante, liscrán


- Corominas, Machado...: orixe en ár. *al-a'qrab* 'escorpión, alacrán'. Significado?
- **Problemas**
 - Orixe da consoante nasal presente en todas? Formas en -án moi minoritarias: -anz- (-anç-), -ante
 - Quitado {*aliscrán, alicrán, liscrán*}, en galego falta de forma xeral -cr- (*licaranzo* P33; *liscranzo* P22, P29, P32: analoxía). En port., TLPGP -cranç-, -licante; outras fontes, (a)licanço.
 - En gal. tamén falta a-, salvo en {*alocrán, (a)liscrán*}.
 - Gal. *alacrán* e port. *lacrau* (e variantes) están moi difundidas en todo o territorio como 'escorpión' co vocalismo esperado (non con -li-).
 - En galego domina por completo a coda en lis- (só *licaranzo* P33). Cruzamento con {liz-, lis-} (*deslizar*; cast. *eslízón*; cat. *llisona...*) (Corominas)
- **Hipóteses**
 - Punto de partida *al-a'qrab* só é verosímil para {*alocrán, aliscrán, liscrán...*} (SW). Coda nasal en -án, aférese, cruzamento con liz-
 - Camiño inverso: formas de base {liz-, lis-} cruzadas con *alacrán* e *escáncer*. Relación con *liscar* (cfr. xerm. **lasken* > (er)löschen, lessen 'esvaeirse, extinguirse, desaparecer').
- **Lemas**
 - gal. LISCANZO {liscanzo, liscancio, liscance} = port. LISCANÇO {licanço, liscranço, ilescranço}
 - gal. LISCANTE {lizcante}
 - gal. LISCÁNCER {biscáncel, riscáncer}
 - gal. LISCÁNZARO {liscánzaro}
 - port. LICRANÇO {licranço, anecrenço, alicrança [sm]}, = gal. LICRANZO {licaranzo}
 - PORT. ALICANTE {alicante, licante}
 - ❖ gal. ALICRÁN {*alocrán, aliscrán, liscrán*} ≠ gal. ALACRÁN, port. LACRAU (este e outros significados)



Grupo **-sconz-** {k, g}

esgonzo, esconzo, esgónzaro, escónzaro


- Orixe? Mesma ca –*scanc-*? Tratamento separadas
 - Raíz indoeuropea: lat. *scincus*, do grego σκινκος. De onde fr. *scinque*, ingl. *skink*, eus. *eskinko* (*Chalcides*), e o nome da familia, *Scincidae*.
 - Rel. con gal. *esgonzo* (gonzo, desgonzar...) (fr. ant. *gonz*, do lat. *gomphus* ‘cravo’, do gr. γόμφος)
 - Rel. con port. *esconso* ‘inclinado, enviesado; oblíquo, declivoso’ (f.hist. c1560 *esconço*) e cast. *esgonce* ‘ángulo entrante o saliente’ (Corominas), do fr.ant. **escoinz* < fr.ant. *escoinçon* (mod. *écoinçon*) ‘cantoneira’)
[NON port. *esconso* ‘escondido, oculto’, do lat. ABSCONSUM]
 - Rel. con ant. gaél. *escong* de onde irlandés *eascann* e escocés *easgann* ‘anguía’. En irlandés, *earcán caoch* ‘escáncer’ (= ‘anguía chosca, anguía cega’).
 - En asturiano (Ast. e León): *escolanciu, esgolancio*... Correspondencia: *escanzo* (gal. ast.) e *escolanzo* (ast.): -L- etimolóxico. Rel. con *escolar* (esp. *escullar, escullirse* ‘escorrer, esvarar, escapulirse’)
- Variación
 - Non parece ser problema {-sg-, -sk-}.
 - De novo a terminación –*aro*. Epéntese de -r- e anaptixe: -zro > -zaro?!
- Lemas (por cautela, separados do grupo –**scanc-**)
 - gal. ESCONZO {esconzo, esgonzo}
 - gal. ESCÓNZARO {escónzaro, esgónzaro}



Grupo -scánc-

alcánger, arcángel, escáncel, escáncer, escángel, escánzaro, cáncer

- Sarmiento: “Volviendo al *liscancer*, creo que la voz *CANCER* entra en el origen, ya porque esa culebrilla serpentea como el *cancer*, *eris*, enfermedad, ya porque la *amphisbaena* unas veces anda atrás y otras adelante, y lo mismo parece hace el *liscancer*”.
- Hipótesis
 - O segmento *-cáncer* parece ser substancial. A variación na coda líquida final átona é explicable.
 - Eus. *suskandel, suskander* ‘lución’, de *su(ge)* ‘culebra’ y *cancer*. Compárese la versión gallega *escáncer* y *liscáncer* (Caridad 2012)
 - *Cáncer*: aférese popular?
 - Cruzamento con cast. *-ángel*: áreas de nova implantación (substitución). Na mesma liña *ar-* e *al-*.
 - *Escánzaro*: a mesma terminación en *-aro*. O mesmo problema: epéntese de *-r-* e anaptixe, *-zro* > *-zaro*?!
- Hipótesis
 - A mesma orixe de *-sconz-*?
 - *esco(l)anzo* > *esc(u)anz-* / *esc[‘ɔ]nz-*? (cf. *cando* / *cuando* / *condo* [‘ɔ])
- Lemas
 - gal. ESCÁNCER {escáncer, escáncel, escángel, alcánger, arcángel, câncer}
 - gal. ESCÁNZARO {escánzaro}



Outros

- **Viberón**

- Base en lat. VIPĚRA

- {**biuera, bibara**} VÍBORA (2168ab: XVII; *bibora, bivora, bibira* XVI; *bibera* XIV): Cr. 1344 "era logar de muytas biueras" (292bR); Gil Vicente "de bibaras e serpentes" (230b26) [Ramón Lorenzo, *Cronologia*, apud DDGM].

- Adxectivo **cego, cega**

- *escáncer cego*

- *pita cega*

- *cobra cega* (non Eurorrexión)


- **Liso**

- Cfr. esp. *lisón*; cat. *llisona, lliseta*


- **Cuadro**

- **Fura-** + substantivo

- port. *fura-panasco* (non Eurorrexión)



ESCÁNCER	ESCONZO	LISCANZO, -ÇO	LICRANÇO, -ZO	ALICRÁN	ESCOUPRO	VIBERÓN	OUTROS
escáncer	esconzo	liscanzo, -ço	licaranzo	alacrán	escóupolo	viberón	pita cega
escáncel	esgonzo	liscancio	alicanço	liscrán			cobra vega
escángel		liscance	anecrenço	aliscrán	ESCOUPRÓN		liso
arcángel		liscranço	licranço		escoupro		cuadro
alcánger		ilescranço	alicança		escouplón		fura-panasco
cáncer					escouprión		
		LISCÁNCER		ALACRÁN	ESCOUPRILLÓN		
		liscáncer		alacrán	escorpillón		
		biscáncel		alacrá			
		riscáncer					
		LISCANTE	ALICANTE				
		lizcante	alicante				
			licante				
ESCÁNZARO	ESCÓNZARO	LISCÁNZARO			ESCÓUPARO		
escánzaro	esgónzaro	liscánzaro			escóuparo		
	escónzaro				escoupariño		
					ESCOUPARÓN, -ÃO		
					escouparón, -rão		
					escauparón		



Campos semânticos

6 Animais silvestres

Conceptos

escâncer

Lemas (22)

<input checked="" type="checkbox"/> escâncer	14	A
<input checked="" type="checkbox"/> scanzo/liscanço	8	B
<input checked="" type="checkbox"/> scouparôn/escouparão	6	C
<input checked="" type="checkbox"/> scâncer	5	D
<input checked="" type="checkbox"/> ãberôn	5	E
<input checked="" type="checkbox"/> licrán	3	F
<input checked="" type="checkbox"/> scanzo	3	G
<input checked="" type="checkbox"/> scôparo	3	H
<input checked="" type="checkbox"/> cranço	3	I
<input checked="" type="checkbox"/> scânzaro	2	J
<input checked="" type="checkbox"/> scônzaro	2	K
<input checked="" type="checkbox"/> scouprôn	2	L
<input checked="" type="checkbox"/> lacrán	1	M
<input checked="" type="checkbox"/> licante	1	N
<input checked="" type="checkbox"/> quadro	1	O
<input checked="" type="checkbox"/> scâncer cego	1	P
<input checked="" type="checkbox"/> scouprillón	1	Q
<input checked="" type="checkbox"/> scoupro	1	R
<input checked="" type="checkbox"/> scante	1	S
<input checked="" type="checkbox"/> scânzaro	1	T
<input checked="" type="checkbox"/> so	1	U
<input checked="" type="checkbox"/> vita cega	1	V